Lección 4

# Con pan e viño, ándase camiño

# A vila, a cidade



1. Rúa
2. Avenida
3. Praza
4. Parque
5. Carreiro
6. Atallo
7. Estrada
8. Beirarrúa
9. Calella
10. Autoestrada
11. Ponte
12. Rotonda
13. Instituto
14. Colexio
15. Escola infantil
16. Museo de Arte Contemporánea
17. Auditorio
18. Centro Cultural
19. Biblioteca pública
20. Estadio de fútbol
21. Centro de saúde
22. Hospital
23. Concello
24. Libraría
25. Chacinaría
26. Froitaría
27. Tenda
28. Taller de reparacións
29. Xoaría
30. Ferraxaría
31. Estación de trens
32. Estación de autobuses

## Como facer preguntas para ir a enderezos

**Como preguntar onde quero ir:**

- Onde queda a catedral?
- Como podo chegar á praza do Obradoiro?
- Cara a onde está a Facultade de Historia?
- Sabes onde hai unha panadaría preto?

**Como expresar localización:**

- Tiras todo recto
- Colles á dereita
- Xiras á esquerda
- Segues ata o final
- Está a cen metros
- Está moi/ bastante/ un pouco cerca/lonxe

## O demostrativo

| | Singular | | Plural | |
|---|---|---|---|---|
| | **Masculino** | **Feminino** | **Masculino** | **Feminino** |
| Proximidade | este | esta | estes | estas |
| Distancia Media | ese | esa | eses | esas |
| Lonxanía | aquel | aquela | aqueles | aquelas |

Os demostrativos contraen coas preposicións de e en do seguinte xeito:

| | este | esta | estes | estas |
|---|---|---|---|---|
| **de** | deste | desta | destes | destas |
| **en** | neste | nesta | nestes | nestas |

| | ese | esa | eses | esas |
|---|---|---|---|---|
| **de** | dese | desa | deses | desas |
| **en** | nese | nesa | neses | nesas |

| | aquel | aquela | aqueles | aquelas |
|---|---|---|---|---|
| **de** | daquel | daquela | daqueles | daquelas |
| **en** | naquel | daquela | daqueles | daquelas |

| | isto | iso | aquilo |
|---|---|---|---|
| **de** | disto | diso | daquilo |
| **en** | nisto | niso | naquilo |

## Verbos que expresan localización

### Estar

**Para localizar algo no espazo, usamos o verbo estar:**

· O Concello está bastante lonxe do centro

**Tamén podemos expresar o verbo estar para expresar o lugar onde nos atopamos, na actualidade ou tamén no pasado:**

· Estou ao lado da catedral

· Estivemos pola zona nova

| Presente | Copretérito | Pretérito |
|---|---|---|
| Estou | Estaba | Estiven |
| Estás | Estabas | Estiveches |
| Está | Estaba | Estivo |
| Estamos | Estabamos | Estivemos |
| Estades | Estabades | Estivestes |
| Están | Estaban | Estiveron |

### Haber

**Se dicimos que ese lugar existe, usamos hai. Esta forma só existe con este uso na terceira persoa do singular, aínda que se emprega para falar de cousas ou persoas tanto no singular como no plural. Tamén se emprega nos demais tempos verbais.**

· Preto da miña casa hai un parque enorme.

· Onda da Praza Maior houbo durante moito tempo un centro de saúde.

· Antes había un cine nos baixos dese edificio.

| Presente | Copretérito | Pretérito |
|---|---|---|
| Hei | Había | Houben |
| Has | Habías | Houbeches |
| Ha/Hai | Había | Houbo |
| Habemos | Habiamos | Houbemos |
| Habedes | Habiades | Houbestes |
| Han | Habían | Houberon |

## Ligazóns de interese

>> A Coruña
>> Ferrol
>> Lugo
>> Pontevedra
>> Vigo
>> Ourense

## Notas da sesión